

ADDENDA NÚMERO 3 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CERVO PARA A MELLORA DA ESTRADA A QUINTÁS

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Dolores García Caramés, na súa condición de alcaldesa do Concello de Cervo actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense na calidade coa que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

O 19 de novembro de 2022 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora da estrada a Quintás.

Neste convenio a Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse a financiar a actuación ata un máximo de 768.761,65 € con cargo á partida 09.A1 512B.760.0, código de proxecto 2022-00006 dos seus orzamentos e repartido nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2022	33.750,00
2023	156.002,33
2024	579.009,32

A anualidade 2022 foi xustificada correctamente e pagada ao concello.



Con data 2 de novembro de 2023 asinouse unha addenda ao citado convenio na que se facía un axuste nas anualidades e o investimento previsto para 2023 pasouse para 2025.

Con data 9 de outubro de 2024 asinouse unha nova addenda pola que o investimento previsto para 2024 quedou a cero e o importe do convenio distribuíuse nunha porcentaxe do 50% entre as anualidades 2025 e 2026, sen modificar o número de anualidades inicialmente previsto. Coa sinatura desta addenda o investimento da AXI, recollido na cláusula cuarta, quedou do seguinte xeito:

Anualidade	Importe (€)
2024	00,00
2025	367.505,82
2026	367.505,83

Con data 21 de agosto de 2025 o Concello de Cervo solicita a sinatura dunha nova addenda na que se leve a cabo un axuste de anualidades. Basea a súa solicitude na demora na recepción da autorización previa e necesaria de Augas de Galicia. Proponse deixar a 0 o importe de 2025 e distribuír o investimento pendente na porcentaxe do 50% entre as anualidades 2026 e 2027, sen que isto supoña un incremento das anualidades inicialmente previstas.

En base aos argumentos e xustificación dada polo Concello de Cervo é preciso asinar unha addenda ao convenio na que se modifiquen as cláusulas cuarta, quinta e décimo primeira para distribuír o investimento previsto nas anualidade 2026 a 2027, axustar a data de xustificación e a vixencia do convenio.

Entendendo as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo en consecuencia,

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, co fin de modificar as cláusulas cuarta, quinta e décimo primeira, que quedan coa seguinte redacción:



CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de SETECENTOS TRINTA E CINCO MIL ONCE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (735.011,65), con cargo a partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 2022-00006 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas distribuídos do seguinte xeito:

Anualidade	Importe (€)
2025	00,00
2026	367.505,83
2027	367.505,82

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO. Esta cláusula mantén a súa vixencia coa seguinte modificación:

Serán subvencionables os gastos realizados durante os anos 2026 e 2027.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027 e financiará os gastos realizados nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E, para que así, conste e en proba de conformidade asinan electronicamente o presente documento.

A alcaldesa do Concello de Cervo, Dolores García Caramés

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue

